

Expdte.: [2018/C003/000007](#)

Asto.: [INFORME SOBRE CONDICIÓN DA OFERTA EN BAIXA ANORMAL PRESENTADA POLAS EMPRESAS “EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L.” E “SOCIEDAD DE REGENERACIÓN MEDIOAMBIENTAL, S.L.” PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVICIOS DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NAS RÚAS COTO PEQUENO E PENELA \(LIMODRE\)”. ORZAMENTO TOTAL DE LICITACIÓN: 80.019,76 €.](#)

- Refs.: A) Proxecto Construtivo de “PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVICIOS DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NAS RÚAS COTO PEQUENO E PENELA (LIMODRE)”. Autor: E.C.C.P. Antonio J. Durán Maciñeira. Orzamento total de licitación: 80.019,76 €. Aprobado por acordo do Pleno do Concello o 17/marzo/2016.
- B) Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplifícadísimo das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais. Aprobado pola X.G.L. o 06/09/2018. Prazo de execución: 4 meses. Presuposto base de licitación: 80.019,76 €.
- C) Documentación de “Xustificación baixa ofertas obras: “PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVICIOS DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NAS RÚAS COTO PEQUENO E PENELA (LIMODRE)” presentadas polas empresas EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L. (importe total ofertado: 52.813,04 €) e SOCIEDAD DE REGENERACIÓN MEDIOAMBIENTAL, S.L. (importe total ofertado: 56.013,83 €).

Requerido polo Servizo de Contratación / Secretaría para informe relativo á baixa anormal das ofertas do asunto presentadas á licitación para a contratación mediante procedemento aberto simplifícadísimo das obras do Proxecto de “PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVICIOS DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NAS RÚAS COTO PEQUENO E PENELA (LIMODRE)” cun orzamento total de licitación de 80.019,76 €, o Enxeñeiro de Camiños, C. e Portos Municipal INFORMA:

1.- A xustificación da oferta de EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L. (52.813,04 €, que supón unha redución de 27.206,72 €, e representa o 34,00 % respecto do importe de licitación) analízase aplicando os criterios citados das cláusulas 15.4.3 e 15.4.4 do P.C.A.P.

1.2.- 1. Xustificación de prezos ofertados:

Materiais

A.1 Compra

- *Carta de compromiso dos provedores*
- *Prezos unitarios detallados*

A xustificación da oferta de EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L. inclúe cartas de compromiso de provedores de produtos asfálticos de pavimentación, sinalización, etc..

Compróbase que tales prezos son aplicados de forma exacta no presuposto xustificativo da oferta da empresa, mantendo os prezos das partidas de xestión de RCD e imprevistos do proxecto .

Ainda que os prezos de produtos asfálticos poden estar suxetos a forte variabilidade en función do prezo do petróleo e a fluctuación desta materia prima repercútese rapidamente nos derivados, de maneira que a curto prazo os betúns e emulsións asfálticas poden ver modificados os prezos unitarios segundos do petróleo, nos prezos de materiais de pavimentación ofertados polo subcontratista non hai referencia a variación dos prezos.

Preséntanse compromisos de suministro de áridos, tuberías, prefabricados de formigón, pezas de fundición, etc., de emprego na execución das obras.

Por outra parte, no resume de presuposto inclúense un 9 % de gastos xerais sobre o P.E.M. e un 3,7 % de beneficio industrial.

Tales porcentaxes son inferiores aos 13 a 17 % e 6 % previstos como norma xeral no art. 131 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas para determinar, a partir do P.E.M., o presuposto base de licitación.

O Regulamento de Contratos indica que os gastos xerais de estrutura de cada empresa corresponden a “*gastos financeiros, cargas fiscais (I.V.E. excluído), taxas da Administración legalmente establecidas, que inciden sobre o custo das obras e demais derivados das obrigas do contrato*” pero non obriga a que as empresas consideren tales porcentaxes como fixos e de feito os gastos xerais reais dependen tanto de cada obra como da propia estrutura e mesmo o tipo das empresas.

E respecto do 6 % de beneficio industrial, esta é una porcentaxe que, segundas empresas e circunstancias, tamén pode variar xa que o beneficio real pode depender de diversos factores, non todos previstos no momento da presentación das ofertas.

En definitiva, o feito de que unha empresa manifeste e aplique nas súas ofertas porcentaxes diferentes aos citados do 13 e 6 % non é causa obrigada de exclusión.

1.3.- A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)

- *Relación detallada dos medios propios con indicación detallada do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público*

Considérase a información relativa á disposición pola empresa dos medios propios de equipos, ou ben alugados (maquinaria específica), axeitados para o tipo de obra.

Enténdese que os subcontratistas aportarán os equipos respectivos necesarios para a execución das unidades correspondientes.

1.4.- B. Maquinaria

B.1 Aluguer e/ou contratación

- *Relación de maquinaria con indicación detallada dos prezos.*

Maniféstase na xustificación a disposición da maquinaria a empregar na obra con propiedade do ofertante, con especificación do seu custe horario.

B.2 Medios propios

- *Relación detallada da maquinaria*

Inclúese a relación de maquinaria propiedade do licitador na que figuran camións, retroexcavadoras, palas, autoformigoneira, compactador, con prezos horarios individuais.

A maquinaria ten prezos por equipo e tempo inferiores á de proxecto.

1.5.- C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

Inclúese un presuposto a prezos internos de EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L., no que se xustifica a oferta coa redución.

Si ben no cadro resume de presuposto se indica que as porcentaxes de gastos xerais e de beneficio industrial son só do 9 % e 3,7 %, inferiores ás do 13 % e 6% considerados na L.C.S.P., procede indicar que tal redución non implica exclusión automática da oferta.

1.6.- Volume de obra

Neste caso deberá xustificar o licitador que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

Inclúese unha relación de obras contratadas cos Concellos de Vilarmaior e Cabanas e EMAFESA (empresa de augas de Ferrol) que son de tipo similar á obxecto da licitación e teñen un importe total de 309.877,48 €.

1.7.- 3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarase mediante a achega da nómina e boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación.

A empresa ten un total de 3 traballadores fixos e 6 temporais, presentando unha declaración de adscrición de seis (6) traballadores á obra.

Ademais do anterior debe terse en conta que se considera a subcontratación da pavimentación asfáltica (CONCIFA, S.L.) e da sinalización viaria (GALAICA VIARIA) o que conleva, naturalmente, que os correspondientes traballadores das subcontratas inclúense de forma parcial e temporal á obra.

1.8.- 4. Cumprimento de obrigas salariais:

Presentarase declaración e xustificación de cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos.

O informe ITA da Tesorería da Seguridade Social está referido a 9 traballadores a data 31/10/2018 e adxúntanse nóminas dos traballos referidas ao mes de setembro de 2018 así como a declaración asinada polos traballadores. Enténdense toda a documentación citada baixo a declaración responsable da empresa.

1.9.- 5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.

EXC. CONDE presenta cartas de compromiso das dúas empresas que pretende subcontratar: firmes de pavimentación asfáltica (CONCIFA, S.L.: 16,22 %) e sinalización viaria (GALAICA VIARIA; 1,67 %).

2.- A xustificación da oferta de SOCIEDAD DE REGENERACIÓN MEDIOAMBIENTAL, S.L. / SRM (56.013,83 €, que supón unha redución de 24.005,93 €, e representa o 30,00 % respecto do importe de licitación) analízase aplicando os mesmos criterios citados das cláusulas 15.4.3 e 15.4.4 do P.C.A.P.

2.2.- 1. Xustificación de prezos ofertados:

Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos unitarios detallados

A xustificación da oferta de SRM inclúe cartas de compromiso de provedores de diversos produtos e materiais: Saniplast, Quimiasfalt, Prebetong, Guntín, e mesmo de subcontratistas como CONCIFA, que tamén figura na outr oferta analizada.

Sen embargo apréciase unha contradicción xa que no aptdo. de xustificación de "Materiais" inclúese a manifestación de que "**Los trabajos se realizarán INTEGRAMENTE POR PERSONAL de la empresa**", o que é contradictorio coa presentación de empresas subcontratistas e non só suministradoras de materiais como é o caso de CONCIFA que inclúe "Suministro, extendido e compactación de aglomerado en quente D-12, espesor 5 cm, l/rego imprimación", que polo tanto realiza traballos directos en obra e non só suministros.

2.3.- A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)

- Relación detallada dos medios propios con indicación detallada do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

Considérase a información relativa á disposición pola empresa dos medios propios de equipos e personal, indicándose na oferta que:

"SRM realizará os traballos como máximo en **1,5 mes**, debido á dispoñibilidade actual que a empresa ten para executar os traballos de maneira inmediata, e que conta tanto co personal en plantilla así como a maquinaria necesaria.

En base a esta redución significativa no prazo de execución se reducen de maneira elevada os gastos de personal.

Para a execución dos traballos se empregarán:

- 1 oficial 1ª maquinista (Máquina / Rodillos / Extendedora)
- 1 oficial 1ª Conductor (Camión Pluma + Camión basculante)
- 1 Peon especializado – Albanel
- 1 Enxeñeiro

*** Si fora oportuno, a empresa contratará o personal necesario para a execución da obra"

Enténdese que o persoal proposto é insuficiente e que existe ademais unha contradicción entre a determinación proposta e que se indique simultaneamente que se pode contratar máis personal.

2.4.- B. Maquinaria

B.1 Aluguer e/ou contratación

- Relación de maquinaria con indicación detallada dos prezos.

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

Parte da relación de maquinaria, en realidade corresponde á aportada polo subcontratista do aglomerado de pavimentación.

2.5.- C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

Inclúese un presuposto a prezos internos de SRM, no que se xustifica a oferta coa redución, si ben no cadro resume de presuposto minora sin xustificación a partida de reposicións e imprevistos e a de xestión de residuos o que non está dentro das competencias do contratista.

Mantéñense sen embargo as porcentaxes de 13 % de gastos xerais e 6 % sobre P.E.M. de beneficio industrial.

A redución das partidas citadas de reposicións e imprevistos e xestión de RCD enténdese non xustificada.

2.6.- Volume de obra

Neste caso deberá xustificar o licitador que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

SRM manifesta ter unha carteira de obra para 2018 de 115.974,74 €, exclusivamente de pavimentacións.



RELACIÓN DE OBRAS EJECUTADAS POR SRM, S.L. (MÁS IMPORTANTES)

1. Denominación de las obras	2. Entidad contratante						
		2012	2013	2014	2015	2017	
EXTENDIDO DE AGLOMERADO EN CALIENTE EN BER	CONCELLO DE PONTEDEUME						2.178,00 €
REBACHEOS MEDIANTE REGA ASFÁLTICA EN PISTAS DO CONCELLO DE FENE	CONCELLO DE FENE						18.513,00 €
CAMIÑO DE LEDESMA A CODESO E OUTROS (FOS*2017) - CONCELLO DE BOQUEIXÓN							56.406,11 €
RENOVACIÓN DO CAMINO DE ACCESO Á IGREXA DE CENTROÑA (PONTEDEUME)							36.090,83 €
AGLOMERADO FRENTE IGREXA DE CENTROÑA							2.178,00 €
AÑO 2012		684.030,26 €					
AÑO 2013			307.095,37 €				
AÑO 2014				18.803,95 €			
AÑO 2015					2.335,00 €		
AÑO 2017						126.151,21 €	
AÑO 2018							115.974,74 €

2.7.- 3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarse mediante a achega da nómina e boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación.

A empresa ten un total de 4 traballadores, 1 fixo, 1 temporal e 2 por obra, que serían os de adscripción á obra, si ben debe considerarse a manifestación de que "Si fora oportuno, a empresa contratará o persoal necesario para a execución da obra".

2.8.- 4. Cumprimento de obrigas salariais:

Presentarase declaración e xustificación de cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos.

O informe ITA da Tesorería da Seguridade Social está referido a 3 traballadores a data 24/10/2018, non adxuntándose nóminas actualizadas dos traballadores.

2.9.- 5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.

SRM presenta carta de compromiso da empresa que pretende subcontratar para execución dos firmes de pavimentación asfáltica, CONCIFA, S.L., si ben se aprecia unha contradicción entre as superficies citadas na oferta de CONCIFA, 759,70 m², e na propia de SRM: 699,70 m².

3.- En consecuencia, da análise da xustificación das baixas por parte das empresas EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L. e SOCIEDAD DE REGENERACIÓN MEDIOAMBIENTAL, S.L. / SRM resulta, a criterio do que suscribe e considerando as observacións citadas o seguinte:

- A oferta de EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L. enténdese xustificada, tendo en conta as reducións de % de gastos xerais e beneficio industrial asumidos pola empresa.
- A oferta de SOCIEDAD DE REGENERACIÓN MEDIOAMBIENTAL, S.L. / SRM adolece de contradicións en diversos puntos (personal adscrito, execución sin – con subcontratación, etc.) e de reducións inxustificadas de partidas.
- Do anterior resulta que a oferta de SOCIEDAD DE REGENERACIÓN MEDIOAMBIENTAL, S.L. / SRM non xustifica satisfactoriamente os custos psopostos entendéndose incompleta e con contradicións, nos termos do último párrafo da cláusula 15.4.4.5 do PCAP da licitación.

4.- Á vista do exposto e dada a inexistencia de razóns claras de exclusión propónse a aceptación da oferta da empresa EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L., naturalmente, baixo a responsabilidade propia do licitador, e a exclusión da oferta da SOCIEDAD DE REGENERACIÓN MEDIOAMBIENTAL, S.L. / SRM polas razóns indicadas.

O que se informa en Fene, a 05 de xaneiro de 2.019, aos efectos oportunos.

O Enxeñeiro de Camiños, C. e Portos Municipal:



SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FENE.